

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliados
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O tío Teo

Descrición da unidade

De novo, é un relato en primeira persoa o que introduce a unidade. Esta vez, para facer un retrato familiar e introducir así algúns dos contidos que se tratarán despois: o léxico referido ao parentesco, a descrición de persoas, os xogos... É unha lectura amena que, ademais, serve para traballar conceptos xa coñecidos polo alumnado pero que convén afianzar: os sinónimos, as clases de palabras, as sílabas tónicas e átonas ou a diferenza entre prosa e verso. Ofrécense, como sempre, abundantes actividades para practicar o aprendido, mellorar a expresión oral e escrita e desenvolver as competencias do alumnado.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á familia.
- Palabras sinónimas.
- Identificación e diferenciación das distintas clases de palabras.
- Identificación da sílaba tónica das palabras.
- Clasificación das palabras segundo a posición da súa sílaba tónica.
- Descrición de persoas.
- Diferenciación entre verso e prosa.
- Aspectos propios da nosa cultura.

Temporalización:

Outubro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido á familia.
2. Recoñecer sinónimos de palabras dadas.
3. Distinguir as clases de palabras.
4. Identificar a sílaba tónica das palabras.
5. Clasificar as palabras segundo a posición da sílaba tónica.
6. Diferenciar entre verso e prosa.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dunha narración. • Adquisición de novo vocabulario referido á familia e reforzo das palabras sinónimas. • Identificación e diferenciación das distintas clases de palabras. • Clasificación das palabras segundo a posición da sílaba tónica. • Descrición de persoas. • Diferenciación entre verso e prosa. • Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: xogos en verso. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido á familia e utilizar as palabras sinónimas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á familia e palabras novas. 3.2. Aplica sinónimos en contextos dados.
	4. Recoñecer e diferenciar as clases de palabras.	4.1. Diferencia as distintas clases de palabras.
	5. Identificar a sílaba tónica das palabras e clasificalas en agudas, graves e esdrúxulas.	5.1. Identifica a sílaba tónica das palabras. 5.2. Clasifica as palabras segundo a posición da súa sílaba tónica.
	6. Identificar os trazos característicos dun retrato e elaborar un autorretrato.	6.1. Entende a técnica do retrato e escribe o propio autorretrato.
	7. Diferenciar o verso e a prosa.	7.1. Distingue dúas formas de expresión literaria: o verso e a prosa.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1 escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á familia e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo dos RF.
3.2. Aplica sinónimos en contextos dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades 2 de reforzo dos RF.
4.1. Diferencia as distintas clases de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD. • Actividades propostas na PD.
5.1. Identifica a sílaba tónica das palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • CD-Audio do LA (ditado).
5.2. Clasifica as palabras segundo a posición da súa sílaba tónica.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • CD-Audio do LA (ditado). • Actividades propostas na PD.
6.1. Entende a técnica do retrato e escribe o propio autorretrato.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na primeira dobre páxina desta unidade da PD.
7.1. Distingue dúas formas de expresión literaria: o verso e a prosa.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Coida o contorno ambiental e os seres vivos.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe e para realizar as actividades.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.

	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa as súas ideas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Participa activamente para integrarse no grupo. Aprende a valorarse e desenvolve unha autoestima equilibrada.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	Coñecer e aplicar normas básicas de convivencia.	Respecta os costumes e as normas, en tanto que elementos fundamentais para unha convivencia harmónica.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora o papel da familia no desenvolvemento persoal e integral dunha persoa. Respecta e valora os distintos modelos de familia. Valora a tolerancia e a xenerosidade, e rexeita calquera actitude discriminatoria ou ofensiva. Valora e respecta as persoas por como son, con independencia do seu aspecto.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta, cantar e interactuar cos compañeiros, superando as dificultades.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese polos xogos populares.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de comprensión lectora dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á familia no LA e co apoio do dicionario.
- Lembramos o concepto de sinonimia.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos a historia da lingua galega no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA a clasificar as palabras segundo a posición da súa sílaba tónica.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a describir persoas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD (na primeira dobre páxina), de traballo cooperativo.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a distinguir entre prosa e verso.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Reforzar as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral a través de múltiples textos, recitado de poemas, etc.
- Fixar hábitos de traballo: coidar o material, observar e reflexionar antes de contestar, subliñar sempre con regra, deixar marxes no caderno, poñer atención á hora de copiar un enunciado, elaborar esquemas e resumos, etc.
- Facer fincapé na importancia do manexo habitual e metódico do dicionario, en clase e na casa. Como nesta unidade se traballan os sinónimos, cómpre que o alumnado se afaga tamén a consultar dicionarios de sinónimos e antónimos.
- Fomentar no alumnado o interese pola tradición, así como a participación activa nas actividades de grupo.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Helena Villar: *O avó de Pipa*, Ed. Bruño, col. Altamar.
 - Xosé Miranda: *Álvaro e Álvaro*, Edicións Xerais, col. Merlín.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
 - Asociación galega do Xogo Popular e Tradicional: <http://www.agxpt.org>
 - Xogos recitados: <http://www.xogospopulares.com/recitados.php>
 - Brinquedia (Rede Galega do Xogo Tradicional): <http://brinquedia.net>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?